

SETE MONSTROS E UN GATO

Texto de RAFA ORDÓÑEZ

Ilustracións de CHRISTIAN INARAJA

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encuadernado en cartoné. 22 x 22 cm. 40 págs. 14 €

[Sete monstros e un gato](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-249-6. Álbum ilustrado. Demademora.

[Siete monstruos y un gato](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-250-2. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[Set monstres i un gat](#) (català)

ISBN 978-84-18558-76-4. Álbum ilustrat. Obres d'autor/a.

[Zazpi munstro eta katu bat](#) (euska)

ISBN 978-84-9172-353-0. Album iruditunak. Egile lanak.

[Sete monstros e um gato](#) (português)

ISBN 978-989-749-171-9. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[Sette mostri e un gatto](#) (italiano)

ISBN 978-84-1343-238-0. Albo illustrato. Gli albi di autore.

Sete monstros e un gato

saen a pasear un anaco.

Pretenden darnos un susto

e así quedar ben a gusto.


Pero...

Un conto sen fin terrorificamente fascinante, sorprendente e cun inesperado final circular.

Os protagonistas deste divertidísimo paseo son un vampiro, un zombi, unha pantasma, unha bruxa, unha momia, un lobishome e un frankenstein, as figuras más simbólicas da literatura fantástica e de terror. A este máxico número de personaxes engádese un gato, que permanece alleo ás insólitas peripecias que marcan a progresiva desaparición dos seus compañeiros de camiño e co que -nun sorprendente final circular- podemos volver a empezar esta rítmica e cómica odisea, unha e outra vez.

«Sete monstros e un gato» é un enxeñoso texto rimado de Rafa Ordóñez que, a través dunha fórmula repetitiva, invita a contar do un ao siete restando un número en cada volta. O sentido decrecente desta numeración débese á sucesiva marcha dos monstros que, lonxe dos estereotipos asociados a estes seres tan horribles, non só non dan nada de medo, senón que resultan ser torpes, medorentos, vergonzosos...

As ilustracións de Christian Inaraja reforzan o sentido do humor que inunda cada páxina. O dinamismo e a expresividade dos personaxes é a clave desta proposta sinxela, de trazos irregulares e que xoga coa iconografía dos sete monstros: moscas, arañas e morcegos acompañan a esta singular comitiva, á que se suman outras tantas criaturas -un paxaro, un caracol, unha ra...- que anticipan a curiosidade das lectoras e dos lectores ante a evolución desta rocambolesca historia.



■ **Temática:** monstruos, personaxes de medo.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** humor, texto rimado, conto sen fin; números, resta, numeración decrecente; Samaín, Día de Defuntos; do autor de «[Elefante comellón](#)»; do ilustrador de «[Un gran día de pesca](#)», «[Se che pica un mosquito](#)» (XVII Premio Frei Martín Sarmiento de Literatura Infantil), «[A que sí!](#)», «[Oi Elo!](#)», «[Cándido e os demás](#)» (XI Premio Compostela e Premio Nacional de Edición Infantil-Xuvenil 2019).

■ **Avance do libro:**
https://issuu.com/kalandraka.com/docs/set_e-monstros-e-un-gato-g

■ **En Kalandraka TV:**
<https://kalandraka.tv/gl/videos/sete-monstros-e-un-gato/>

Rafa Ordóñez

(Aguilar de Campos, 1964)

Estudou Maxisterio e completou a súa formación en obradoiros de narración oral escénica. Foi cofundador, en 1995, do grupo Cháchara Cuentacuentos. Tamén pertence á Asociación Madrileña de Narración Oral (MANO). Recibiu o Premio Xaén de Literatura Infantil e Xuvenil (2001). É autor de varios libros para a infancia. <https://www.instagram.com/rafa.ordonez.64/>

Christian Inaraja

(Vic, 1972)

Ilustrou máis dun cento de libros traducidos a varias linguas, ademais de colaborar en revistas infantís e xuvenís. Realiza ilustracións para prensa, carteis, publicidade, paquetaría... Recibiu, entre outros recoñecementos, o Premio Serra d'Or (2022), o XI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado (2018) por «Cándido e os demás», que tamén obtivo o Premio Nacional de Edición Infantil-Xuvenil (2019), o Premio Junceda (2013 e 2022), o Premio Internacional de Álbum Ilustrado Ciutat de Benicarló (2020) e Propostas VEGAP (2013). A súa obra figura na Lista de Honra IBBY. Foi codirector, dende o seu inicio en 1998 ata 2018, do Festival Europeo de Curtametrajes de Reus. É profesor de Ilustración na Escola d'Art i Disseny ILLA de Sabadell e membro do comité executivo de IBBYcat.

<http://www.inaraja.com>

